




Avaliación final externa:

GALICIA ABRIGA (EDICIÓN II)




Xaneiro 2026

Servizo externo a petición da equipa xestora
de Galicia Abriga:
SIG (coordinación), AGARESO e Ecos do Sur



apodaso



Avaliación final externa para
Galicia Abriga – Edición II
(Programa galego de acollida a mulleres defensoras de dereitos humanos (Galicia Abriga))

Editado por **aopaso**. Xaneiro 2026
raquel@aopaso.gal
www.aopaso.gal


Coordinación e elaboración de contidos do Informe:
Raquel Doallo Álvarez

Deseño e maquetación: **aopaso**



Atribución-Non Comercial-Compartir Igual 4.0. Este documento está baixo unha licenza de Creative Commons. Permítese libremente copiar, distribuír e comunicar publicamente esta obra sempre e cando se recoñeza a autoría e non se use para fins comerciais. Se se altera ou transforma, ou se xera unha obra derivada, soamente poderá distribuírse baixo unha licenza idéntica a esta. Licenza completa:


[Creative Commons — Attribution-NonCommercial-ShareAlike 4.0 International — CC BY-NC-SA 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)



*Graciñas ás defensoras e a equipa xestora,
por poñer a vida no centro.*


*A mirada que camiña
con intención sorora
deixa un pouso con impacto
na vida das defensoras.*

*Raquel “a Doallo”.
Tamén regueifeira e activista.*



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	2
1. COMPRENDENDO GALICIA ABRIGA (II EDICIÓN).....	4
I Programa Galego de acollida temporal a mulleres defensoras de Dereitos Humanos: obxectivos e resultados.....	4
Galicia Abriga: aprendizaxes incorporadas e maduración do Programa.....	4
2. ATA ONDE CHEGA ESTA AVALIACIÓN?.....	6
Obxectivos da avaliación.....	6
Alcance e límites da avaliación.....	7
4. METODOLOXÍA E CRONOGRAMA.....	10
4.1. Enfoque metodolóxico.....	10
4.2. Técnicas e fontes de información.....	10
4.3. Cronograma.....	11
5. ANÁLISE DE INFORMACIÓN.....	13
Resultado 1.....	13
Resultado 2.....	16
Resultado 3.....	18
5. IMPACTO VIVIDO, APROPIACIÓN DO PROGRAMA E SENTIDO DO RETORNO.....	21
6. COIDADOS, CORRESPONSABILIDADE E LÍMITES DO PROGRAMA: APRENDIZAXES DA II EDICIÓN.....	24
7. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS.....	27
ANEXOS.....	31



INTRODUCCIÓN.


O presente documento recolle a avaliación final externa da segunda edición do Programa Galego de Acollida Temporal a Mulleres Defensoras de Dereitos Humanos **Galicia Abriga**. Esta avaliación constrúese como continuidade directa do informe elaborado para a primeira edición do Programa, asumindo desde o inicio unha perspectiva comparada que permite identificar aprendizaxes incorporadas, avances consolidados e retos que seguen abertos no proceso de desenvolvemento dun programa pioneiro no contexto galego.

Se a avaliación da Edición I tivo como principal finalidade comprender e validar unha primeira experiencia de acollida temporal a mulleres defensoras de dereitos humanos promovida por ONGD galegas, a Edición II permite avanzar cara a unha análise máis madura, centrada non só no proceso de execución do Programa, senón tamén nos impactos xerados nas vidas das mulleres defensoras participantes, na evolución do modelo de acollida e no grao de resposta ás recomendacións formuladas no informe anterior.


Neste senso, a avaliación da segunda edición de Galicia Abriga sitúase nun punto intermedio entre a consolidación e a revisión crítica. O Programa xa non se atopa nunha fase exploratoria: existen aprendizaxes sistematizadas, roles máis definidos, tempos coidados e unha Rede de Apoio que asumiu un papel máis activo. Ao mesmo tempo, emerxen novos dilemas propios dunha iniciativa que se fortalece: a xestión das expectativas, o equilibrio entre coidados e fortalecemento de capacidades, o sentido do retorno aos contextos de orixe e as corresponsabilidades compartidas entre as distintas axentes implicadas.

A avaliación foi concibida, do mesmo xeito que na Edición I, como un proceso cualitativo, interpretativo e situado, no que se prioriza a escoita activa das voces participantes — especialmente as das mulleres defensoras— e se aposta por unha lectura feminista e decolonial da experiencia de acollida. A avaliación busca ser ferramenta orientada á aprendizaxe compartida, a mellora continua do Programa e o fortalecemento dun modelo de protección temporal que pon a vida no centro.

O informe recolle, así, a mirada das ONGD que conforman a equipa xestora de Galicia Abriga, das entidades que integran a Rede de Apoio, de axentes institucionais implicadas e, de maneira central, das mulleres defensoras participantes nesta segunda edición: Ana, Milagros e Juventina.



As súas voces, experiencias e reflexións atravesan transversalmente o documento, permitindo construír unha análise que combina a dimensión organizativa e política do Programa coa vivencia persoal e colectiva da acollida.



1. COMPRENDENDO GALICIA ABRIGA (II EDICIÓN).

I Programa Galego de acollida temporal a mulleres defensoras de Dereitos Humanos: obxectivos e resultados.

O II Programa Galego de Acollida Temporal a Mulleres Defensoras de Dereitos Humanos mantén o obxectivo específico que deu sentido á primeira edición de Galicia Abriga: **desenvolvidas estratexias de acollida temporal a mulleres defensoras de dereitos humanos en Galicia que melloren as condicións de seguridade e benestar nas que as mulleres defensoras realizan o seu labor de defensoría**, contribuíndo a que poidan saír temporalmente de contextos de risco, fortalecer as súas capacidades e ampliar redes de apoio institucional, social e política.


Este obxectivo concrétase, novamente, a través de tres resultados esperados que estruturan a intervención e que serven tamén de marco para a análise da información nesta avaliación:

- ✓ **Resultado 1:** Diseñada, coordinada e avaliada a II edición de Galicia Abriga.
- ✓ **Resultado 2:** Ampliada a capacidade de denuncia, visibilización e concienciación social do Programa a través dunha estratexia integral de incidencia integral.
- ✓ **Resultado 3:** Acollidas e acompañadas tres defensoras de dereitos humanos nunha estancia temporal en Galicia de tres meses.

A diferenza da Edición I, na que unha parte significativa dos esforzos estivo orientada á posta en marcha e viabilidade do Programa, a Edición II desenvólvese sobre unha base xa existente, incorporando aprendizaxes clave en relación coa planificación, a coordinación interna, a definición de tempos e o acompañamento ás defensoras. Isto permite que o foco da avaliación se desprace, en maior medida, cara ao impacto vivido polas participantes e cara á consolidación dun modelo propio de Galicia Abriga.

Galicia Abriga: aprendizaxes incorporadas e maduración do Programa.

A segunda edición de Galicia Abriga amosa unha clara **evolución** respecto da primeira experiencia de acollida, **tanto no plano organizativo como no acompañamento ás mulleres defensoras**. As entrevistas realizadas coa equipa xestora coinciden en sinalar que a Edición II “*sae mellor*”, non como resultado dunha execución exenta de dificultades, senón como froito dun **proceso de aprendizaxe colectiva iniciado na Edición I**.




Entre os cambios máis relevantes destaca unha mellor **definición de roles e responsabilidades** entre as entidades que conforman a equipa xestora, así como unha maior **claridade nos tempos** do Programa. A decisión de priorizar un **período inicial de descanso real para as defensoras**, acompañado dun proceso de **escoita activa sobre as súas expectativas, intereses e límites**, supón unha das aprendizaxes máis claramente incorporadas desde a avaliación anterior.

Así mesmo, a **Rede de Apoio e entidades locais** adquiren nesta segunda edición un **papel máis visible e activo**, tanto na construción da axenda de actividades como na participación en espazos de incidencia e encontro coas defensoras. Sen tratarse aínda dunha implicación homoxénea nin plenamente sistematizada, obsérvase unha maior disposición por parte dalgunhas entidades e administracións locais a asumir compromisos máis aló do apoio simbólico ou puntual.

No plano institucional, a Edición II contribúe tamén a reforzar o **recoñecemento público de Galicia Abriga como programa de referencia** no eido da protección temporal a mulleres defensoras de dereitos humanos, avanzando na súa institucionalización sen perder o liderado das ONGD promotoras nin o **enfoque feminista e decolonial** que o caracteriza.

Esta maduración do modelo non elimina, porén, os **dilemas e tensións inherentes** a un programa deste tipo. Pola contra, a Edición II fai emerxer con maior nitidez cuestións que na primeira edición aparecían de forma máis incipiente: o **equilibrio entre coidados e fortalecemento de capacidades**, a **xestión das expectativas das defensoras e das súas organizacións de orixe**, ou a necesidade de pensar con maior profundidade o **acompañamento pre e post-retorno**. Estes elementos serán desenvolvidos de maneira específica nos apartados posteriores do informe.




2. ATA ONDE CHEGA ESTA AVALIACIÓN?

Obxectivos da avaliación.

A avaliación final externa da segunda edición de Galicia Abriga ten como obxectivo xeral **analizar de maneira crítica e sistematizada o desenvolvemento do II Programa Galego de Acolida Temporal a Mulleres Defensoras de Dereitos Humanos**, incorporando unha lectura comparada respecto da primeira edición e poñendo o foco nos impactos xerados, nas aprendizaxes consolidadas e nos retos que seguen abertos.

Este obxectivo xeral concrétase nos seguintes obxectivos específicos:

- ✓ Analizar o grao de consecución dos resultados formulados na II edición do Programa, atendendo tanto aos procesos desenvolvidos como aos efectos percibidos polas mulleres defensoras e polas axentes implicadas.
- ✓ Identificar as aprendizaxes incorporadas a partir das recomendacións formuladas na avaliación da Edición I, así como aquelas cuestións que seguen a requirir revisión ou axuste.
- ✓ Afondar no impacto da experiencia de acolida nas vidas das mulleres defensoras participantes, considerando dimensións persoais, colectivas, organizativas e políticas.
- ✓ Avaliar a evolución do modelo de Galicia Abriga en termos de coordinación, corresponsabilidade e sostibilidade, nun contexto de progresiva institucionalización do Programa.
- ✓ Formular conclusións e recomendacións orientadas á mellora continua do Programa e ao fortalecemento dun modelo galego de acolida temporal a mulleres defensoras de dereitos humanos.




Alcance e límites da avaliación.

A avaliación final externa da II edición de Galicia Abriga abrangue o período completo de execución do Programa, así como o tempo inmediatamente posterior á estancia das defensoras en Galicia, permitindo recoller valoracións e reflexións con certo grao de repouso por parte das mulleres acollidas.

No proceso de avaliación participaron os seguintes perfís e axentes:

- ✓ As ONGD que conforman a equipa xestora do Programa: Solidariedade Internacional de Galicia (SIG), AGARESO e Ecos do Sur.
- ✓ As ONGD postulantes das mulleres defensoras participantes na segunda edición: Arquitectura sen Fronteiras, entidade que propuxo a candidatura de Juventina López (defensora de Guatemala, conectada á organización ASIAPRODI), e AGARESO, que presentou as candidaturas de Ana Donis (defensora de Guatemala, conectada á organización Mujeres Transformando el Mundo) e Milagro Alvarado (defensora do Salvador, conectada á organización La Colectiva Feminista), combinando neste caso o rol de entidade postulante co de organización integrante da equipa xestora.
- ✓ Entidades integrantes da Rede de Apoio: Coordinadora Galega de ONGD (CGONGD), Médicos do Mundo e representantes das Oficinas de Cooperación e Voluntariado da USC e UDC.
- ✓ Axentes institucionais vinculadas ao financiamento e apoio político de Galicia Abriga, en concreto, o Concello de Ames e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade como representación do conxunto de concellos integrantes da organización.
- ✓ As tres mulleres defensoras participantes na segunda edición do Programa: Ana, Milagros e Juventina.

A presenza de Arquitectura sen Fronteiras no proceso avaliativo resulta especialmente relevante, ao achegar unha mirada externa á equipa xestora e permitir analizar o papel das ONGD postulantes como ponte entre Galicia Abriga e os territorios de orixe das defensoras. Ao mesmo tempo, a participación de AGARESO como entidade postulante e como parte da equipa xestora




introduce un elemento de complexidade que é abordado desde unha perspectiva de transparencia e aprendizaxe compartida.

Neste senso, a avaliación recolle tamén a preocupación expresada polas propias ONGD por evitar, en futuras edicións, unha concentración excesiva das postulacións nun número reducido de entidades. Esta reflexión prodúcese nun contexto no que, na segunda edición, non se recibiron formalmente máis candidaturas que as tres seleccionadas, circunstancia que condiciona a lectura do equilibrio entre apertura do Programa e capacidade de mobilización entre ONGD.

Como na Edición I, a avaliación constrúese desde a honestidade e a transparencia como principios facilitadores do proceso. A pluralidade de voces recollidas permite ofrecer unha análise rica e matizada, aínda que se identifican tamén algunhas limitacións que é preciso indicar. Entre elas, destaca a imposibilidade de avaliar impactos a medio e longo prazo máis aló do período inmediatamente posterior á acollida (polos prazos de entrega da avaliación final externa).

En relación coa mención aos tempos marcados para a avaliación, estes condicionan o alcance dalgúns análises, especialmente aquelas vinculadas á transferencia da experiencia ás organizacións e comunidades de orixe. Estas limitacións non invalidan os resultados obtidos, pero deben ser tidas en conta á hora de interpretar as conclusións e formular recomendacións.


No cadro seguinte móstranse as accións de recollida vía entrevista e encontros grupais realizadas:



ENCONTROS GRUPAIS	ENTREVISTAS
Defensoras	Equipas técnicas: SIG (1), Ecos do Sur (1), AGARESO (2)
Equipa xestora: SIG + AGARESO + Ecos do Sur	ONGD que candidataron defensoras: Arquitectura sen Fronteiras + (AGARESO)
Rede de Apoio: CGONGD, MdM, USC, UDC Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, Concello de Ames	Defensoras (3)
OUTROS ENCONTROS	
Gabriela Villarroel, defensora acollida na primeira edición de Galicia Abriga	

Táboa 1. Síntese de encontros e entrevistas realizadas. Fonte: elaboración propia.

Nota. Entre paréntese indícanse o número de encontros/entrevistas cando procede; no caso da entrevista a AGARESO como ONGD que candidatou defensoras, non se desenvolveu unha entrevista “extra” senón que se sinala entre parénteses para visibilizar o rol da ONGD máis aló de membro da equipa xestora.



4. METODOLOXÍA E CRONOGRAMA.

4.1. Enfoque metodolóxico.

A avaliación final externa da II edición de Galicia Abriga desenvolveuse a través dun **enfoque cualitativo, interpretativo e situado**, en coherencia co carácter do Programa e coa metodoloxía empregada na Edición I. Este enfoque permite comprender non só o que aconteceu durante a execución da intervención, senón tamén como foi vivido polas persoas participantes e que sentidos emerxen da experiencia de acollida.

Desde unha perspectiva feminista e decolonial, a avaliación pon no centro as voces das mulleres defensoras, recoñecéndolas como suxeitos políticos e axentes de coñecemento, e non unicamente como destinatarias dunha intervención. Ao mesmo tempo, considérase a interdependencia entre as distintas axentes implicadas —ONGD, Rede de Apoio, institucións públicas— como un elemento clave para interpretar os logros e límites de Galicia Abriga.


4.2. Técnicas e fontes de información.

O proceso de avaliación combinou técnicas de traballo de gabinete con recollida de información primaria, empregando maioritariamente ferramentas cualitativas.

O traballo de gabinete incluíu a análise da documentación clave do Programa, entre a que se atopan a formulación da II edición de Galicia Abriga, os documentos de diagnóstico das defensoras, os informes de seguimento, as fontes de verificación dispoñibles e a avaliación da edición anterior da intervención.

A recollida de información primaria realizouse a través de:

- ✓ Entrevistas individuais con representantes da equipa xestora de Galicia Abriga.
- ✓ Entrevistas coas ONGD postulantes ao Programa.
- ✓ Encontro grupal con representantes da Rede de Apoio e das administracións públicas.
- ✓ Encontro presencial e entrevistas individuais coas mulleres defensoras participantes na II edición.
- ✓ Conversa de contraste cunha das defensoras participantes na Edición I.



Estas técnicas permitiron recoller información en distintos momentos do proceso, combinando valoracións iniciais, percepcións durante a estancia e reflexións posteriores á experiencia de acollida.

4.3. Cronograma.

O cronograma da avaliación estivo condicionado polos tempos de execución do Programa e pola dispoñibilidade das persoas participantes, que permitiu recoller información suficientemente ampla e diversa para dar resposta aos obxectivos formulados.

A continuación preséntase o detalle da ruta metodolóxica seguida na avaliación final externa da II edición de Galicia Abriga, incluíndo todos os pasos dados, as técnicas empregadas e as persoas ou axentes participantes, seguindo unha estrutura semellante á utilizada na avaliación da Edición I.

Fases de traballo	OUT 25	NOV 25	DEC 25	XAN 26
F1. Planificación inicial e traballo de gabinete.				
F2. Traballo de campo.				
F3. Análise de información, redacción de informe e socialización de resultados da avaliación.				
F4. Coordinación con SIG como ONGD coordinadora da equipa xestora de Galicia Abriga.				

Táboa 2. Cronograma. Fonte: elaboración propia.




Os guións orientativos dos principais encontros e entrevistas mantidas no marco da avaliación detállase nos seguintes anexos:

- **Anexo 1.** *Guión do encontro grupal coas mulleres defensoras.*
- **Anexo 2.** *Guión das entrevistas individualizadas coas mulleres defensoras.*
- **Anexo 3.** *Guión das entrevistas individualizadas coas ONGD da equipa xestora.*

Na táboa seguinte recóllese a ruta metodolóxica desenvolvida co detalle cronolóxico de cada acción realizada.

nº	Acción realizada Persoas de enlace/destinatarias	Data
1	Xuntanza presencial de coordinación inicial coa equipa xestora de Galicia Abriga: María Paz e Gloria Parra de SIG, ONGD coordinadora	12/11/2025
2	Lectura de documentación de Galicia Abriga	Novembro 2025
3	Entrevista con SIG: María Paz e Gloria Parra	18/11/2025
4	Entrevista con AGARESO: Sonia Díaz	18/11/2025
5	Entrevista con Ecos do Sur: Laura Jiménez e Laura Montes	21/11/2025
6	Entrevista con Arquitectura sen Fronteiras: Lara Medín	21/11/2025
7	Encontro presencial coas defensoras: Ana Donis, Milagro Alvarado e Juventina López	24/11/2025
8	Entrevista con Gabriela Villaroel, defensora do Salvador (participante na primeira edición de Galicia Abriga)	24/11/2025
9	Entrevista con Ana Donis, defensora de Guatemala acollida en Galicia Abriga	17/12/2025
10	Encontro grupal coa Rede de Apoio: Sara García (Coordinadora Galega de ONGD), Gemma Filgueira (Médicos do Mundo), Acacia Naves (UDC) e Javier Agrafojo (USC), Carmen Novás (Fondo Galego de Cooperación) e Leonardo Pena (Concello de Ames)	18/12/2025
11	Entrevista con Milagro Alvarado, defensora do Salvador acollida en Galicia Abriga	18/12/2025
12	Entrevista con Juventina López, defensora de Guatemala acollida en Galicia Abriga	29/12/2025
13	Entrevista virtual con AGARESO: Lorena Seijo	12/01/2026
14	Análise de información e elaboración de borrador de informe	Xaneiro 2026
15	Encontro de socialización con coa equipa xestora de Galicia Abriga	28/01/2026
16	Entrega de informe de avaliación final externa	30/01/2026

Táboa 3. Ruta metodolóxica. Fonte: elaboración propia.



5. ANÁLISE DE INFORMACIÓN.

Tras a aplicación das técnicas detalladas no apartado anterior (traballo de campo e estudo documental, fundamentalmente), móstrase a continuación unha síntese das ideas forza e achegas obtidas tras a análise de información.

Resultado 1.


Deseñada, coordinada e avaliada a II edición de Galicia Abriga.

A análise do Resultado 1 permite observar con claridade a evolución de Galicia Abriga entre a súa primeira e segunda edición. Se na Edición I o esforzo principal estivo centrado en facer viable unha primeira experiencia de acollida temporal, resolvendo dificultades estruturais e financeiras nun contexto de alta incerteza, a Edición II desenvólvese sobre unha base máis sólida, froito das aprendizaxes acumuladas e da consolidación dun marco de coordinación máis definido.

A análise das entrevistas realizadas coa equipa xestora extrae puntos comúns cando se sinala que a segunda edición “funciona mellor”, non tanto por ausencia de dificultades, senón pola existencia dunha maior claridade nos roles, nos tempos e nas expectativas asociadas ao Programa. Esta mellora percíbese tanto na planificación xeral como no acompañamento ás mulleres defensoras, especialmente no que respecta á preparación previa á chegada e á xestión do período inicial de estancia en Galicia.

Un dos cambios máis relevantes respecto da Edición I é a aposta explícita por respectar un tempo inicial de descanso real, acompañado dun proceso de escoita activa ás defensoras para identificar intereses, límites e prioridades. Esta decisión, directamente relacionada cunha das recomendacións formuladas na avaliación anterior, contribúe a reducir a sobrecarga inicial e a situar as defensoras como suxeitos protagonistas do seu propio proceso, afastándose de dinámicas marcadas desde o inicio.

No plano da coordinación interna, a Edición II amosa unha mellor engrenaxe entre as entidades que conforman a equipa xestora, aínda que persisten algúns espazos de revisión con potencial de mellora, especialmente no que respecta á construción e seguimento da axenda de actividades e a distribución de tempos. Percíbese necesidade de seguir afinando mecanismos de coordinación operativa, mesmo nun contexto de maior confianza e coñecemento mutuo entre as organizacións implicadas.



O papel das ONGD postulantes e a apertura do Programa.


Un elemento específico desta segunda edición, que adquiriu relevancia no proceso avaliativo, é o papel das ONGD postulantes das mulleres defensoras participantes. Na Edición II, Arquitectura sen Fronteiras propuxo a candidatura de Juventina, mentres que AGARESO presentou as candidaturas de Ana e Milagros, combinando neste caso o rol de entidade postulante co de organización integrante da equipa xestora do Programa.

A participación de Arquitectura sen Fronteiras achega unha mirada externa á equipa xestora e permite analizar o papel das ONGD postulantes como ponte entre Galicia Abriga e os territorios de orixe das defensoras. Esta función resulta clave tanto no proceso de identificación e selección das candidaturas como no acompañamento simbólico e político da experiencia de acollida, reforzando a conexión coas organizacións e comunidades de procedencia.

Ao mesmo tempo, a dobre condición de AGARESO como entidade postulante e como parte da equipa xestora introduce unha complexidade que é asumida nesta avaliación desde unha perspectiva de transparencia e aprendizaxe compartida. A propia organización expresa a súa preocupación por non “copar” futuras postulacións, consciente da necesidade de ampliar e diversificar o ecosistema de entidades propoñentes a medida que o Programa se consolida.

Esta reflexión debe contextualizarse nun escenario concreto: na segunda edición de Galicia Abriga non se recibiron máis candidaturas que as tres finalmente seleccionadas. Esta circunstancia limita as marxes de elección e obriga a relativizar o debate sobre a concentración de postulacións, desprazando o foco cara á capacidade real do tecido asociativo para identificar, acompañar e propoñer defensoras en contextos de alta complexidade e risco.

Desde esta perspectiva, a avaliación interpreta a situación non como unha debilidade puntual, senón como un indicador do momento no que se atopa Galicia Abriga: un programa que comeza a consolidarse, pero que aínda depende en boa medida dun núcleo reducido de organizacións con alta capacidade técnica, relacional e política. Esta constatación abre unha liña clara de aprendizaxe de cara a futuras edicións, vinculada á necesidade de reforzar estratexias de difusión, acompañamento e corresponsabilidade co conxunto do tecido da Cooperación Galega.



Rede de Apoio e institucionalización do Programa.


Outro dos avances significativos asociados ao Resultado 1 é o papel progresivamente máis activo da Rede de Apoio. En comparación coa Edición I, obsérvase unha maior implicación dalgunhas entidades e administracións locais, tanto na construción da axenda como na participación en espazos de encontro e incidencia coas defensoras.

A implicación da Rede de Apoio segue a ser desigual, mais a Edición II amosa sinais de avance cara a unha maior participación e incluso nos espazos de avaliación conxunta se explicitou a necesidade de avanzar na corresponsabilidade. A equipa xestora realizou un esforzo neste senso na presente edición de Galicia Abriga para acoller e dar espazos ás propostas e interese da Rede de Apoio e dalgúns concellos concretos conectados ao Programa e ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e déronse así pasos para desenvolver accións de forma incluínte neste senso. Así e todo, si se percibe certa sensación de “non querer pedir de máis á equipa xestora” por parte da Rede de Apoio ao tempo que se autopercebe potencial de ofrecemento de apoios específicos. Detéctase que podería ser interesante a necesidade de comunicar de forma clara ao inicio do Programa, ou ao longo do mesmo, as necesidades e/ou posibilidades de colaboración, en prol de acoller de xeito realista expectativas ao tempo que se equilibran esforzos e se abren posibilidades de coñecer opcións de fortalecemento das axendas das defensoras de forma personalizada e adaptada aos contextos de cada edición.

A presenza de representantes da Xunta de Galicia en actos públicos así como a declaración institucional realizada no Parlamento galego contribúen a reforzar o recoñecemento público de Galicia Abriga e o progresivo fortalecemento da comunicación como proposta transversal e presente nos planos técnico e político.

Este proceso de institucionalización é valorado positivamente pola maioría das persoas entrevistadas, ao tempo que se reflexiona sobre a necesidade de manter a autonomía do Programa e a xeración de axendas axustadas aos tempos e intereses das defensoras. Neste equilibrio entre recoñecemento institucional e liderado das ONGD sitúase un dos retos estratéxicos de Galicia Abriga de cara ao futuro.

En síntese, a análise do Resultado 1 permite concluír que a segunda edición de Galicia Abriga supón un paso adiante na consolidación do Programa, incorporando aprendizaxes clave da Edición I e avanzando cara a un modelo máis coidado, consciente e politicamente situado. Ao mesmo



tempo, emerxen con maior nitidez os dilemas propios dun programa que medra: a necesidade de afinar a coordinación interna, ampliar o ecosistema de entidades postulantes e fortalecer a corresponsabilidade da Rede de Apoio sen sobrecargar á equipa xestora.

Estes elementos serán retomados nas conclusións e recomendacións finais, así como nos apartados específicos dedicados ao impacto vivido polas defensoras e á análise dos coidados, corresponsabilidades e límites do Programa.

Resultado 2.


Ampliada a capacidade de denuncia, visibilización e concienciación social do Programa a través dunha estratexia integral de incidencia integral.

A análise do Resultado 2 permite constatar un avance significativo na estratexia de comunicación, incidencia e visibilización de Galicia Abriga respecto da súa primeira edición. Se na Edición I unha parte relevante dos esforzos estivo orientada a dar a coñecer o propio Programa e a lexitimar social e politicamente a súa existencia, na Edición II obsérvase unha maior intencionalidade, coidado e coherencia na construción dos espazos de incidencia e na preparación das mulleres defensoras para a súa participación pública.

Un dos elementos máis valorados polas persoas entrevistadas é o acompañamento personalizado realizado por AGARESO, que permitiu traballar de maneira consciente e situada a construción do discurso público das defensoras. Este acompañamento non se limitou a aspectos técnicos de comunicación, senón que incorporou unha reflexión profunda sobre os riscos, os límites e as decisións persoais e políticas asociadas á exposición pública, especialmente tendo en conta os contextos de violencia e criminalización nos países de orixe.

Neste senso, as defensoras destacan a importancia de poder decidir **que dicir, como dicilo e en que espazos**, sentíndose acompañadas e respectadas nos seus tempos e prioridades. A preparación previa ás intervencións públicas e o traballo de reflexión sobre a identidade, a seguridade e o impacto das mensaxes contribuíron a reducir a ansiedade asociada á exposición e a reforzar a percepción de control sobre o propio proceso de incidencia.

A estratexia de incidencia desenvolvida na Edición II amósase así máis afinada e menos reactiva que na edición anterior. A presenza das defensoras en determinados actos públicos, incluído o evento da Cooperación Galega impulsado desde a Subdirección Xeral de Relacións Exteriores e coa




Unión Europea supuxo un fito de visibilización do Programa e unha oportunidade de encontro con múltiples axentes do ecosistema da cooperación, así como coa representación institucional da Xunta de Galicia. Estes espazos contribuíron a reforzar o recoñecemento público de Galicia Abriga como programa de referencia.

Para as defensoras, estes espazos tiveron un impacto desigual pero maioritariamente positivo. Algunhas salientan a importancia de sentirse escoitadas e recoñecidas nun contexto institucional e colectivo amplo, especialmente pola carga simbólica que supón que a súa loita sexa visibilizada fóra dos seus territorios de orixe. Ao mesmo tempo, tamén emerxe a conciencia de que non todos os espazos son igualmente significativos nin transformadores, e de que a incidencia require un equilibrio entre visibilidade, coidado e utilidade real para os procesos que desenvolven nas súas organizacións.

A Edición II amosa tamén unha maior articulación entre a estratexia de incidencia e o resto de eixos do Programa, especialmente o psicosocial. A reflexión sobre o impacto emocional da exposición pública, os tempos necesarios para procesar determinadas intervencións e a posibilidade de reformular ou rexeitar participacións forman parte dun enfoque máis integral que na edición previa.

Desde a perspectiva da equipa xestora, identifícase como aprendizaxe a necesidade de seguir afinando os obxectivos da incidencia política, máis aló da visibilización puntual. A pregunta polo impacto real destes espazos —en termos de fortalecemento de redes, compromisos institucionais ou apoio ás organizacións de orixe— aparece como un dos retos pendentes, especialmente nun contexto no que a institucionalización do Programa avanza de maneira progresiva.

En síntese, o Resultado 2 amosa unha evolución positiva da estratexia de comunicación e incidencia de Galicia Abriga, caracterizada por un maior coidado, unha preparación máis consciente das defensoras e unha mellor integración co enfoque feminista e de seguridade do Programa. A visibilización acadada na Edición II contribúe ao recoñecemento público e institucional do Programa, ao tempo que deixa aberta a necesidade de seguir reflexionando sobre os efectos a medio e longo prazo da incidencia política, tanto para as defensoras como para o propio ecosistema de apoio que Galicia Abriga aspira a fortalecer.



Resultado 3.

Acollidas e acompañadas tres defensoras de dereitos humanos nunha estancia temporal en Galicia de 3 meses.

Malia que a “acollida” comprende a globalidade do proxecto, o Resultado 3 constitúe o núcleo experiencial de Galicia Abriga e, nesta segunda edición, permite achegar unha lectura máis profunda e complexa do impacto da acollida temporal nas vidas das mulleres defensoras participantes. A diferenza da Edición I, na que a novidade do Programa condicionou en parte a vivencia da estancia, a Edición II amosa unha experiencia máis consciente, apropiada polas defensoras e acompañada desde un enfoque claramente centrado nos coidados, na autonomía e no fortalecemento persoal e colectivo. Recóllense a continuación a análise ao respecto, incorporando algunhas citas textuais das defensoras (faise en todos os casos sen nomear a quen corresponde a afirmación, co propósito de respectar a intimidade dalgunhas declaracións máis sensibles).

Desde o inicio da estancia, identifícase como aprendizaxe incorporada a aposta por **desacelerar os ritmos** e priorizar un tempo inicial de descanso real. Esta decisión, que xerou inicialmente certa incerteza nalgunhas das defensoras —afeitas a dinámicas de sobrecarga e activismo permanente— acabou sendo valorada como un elemento clave do proceso. Tal e como sinala unha das defensoras:


*“Luego venir aquí y tener una primera reunión donde nos explicaron ‘descansen’,
ustedes manejan su agenda. Sentirnos protagonistas fue un punto clave.*

Al ser defensoras sueles dejar de ser protagonista de tu vida.”

Este recoñecemento como suxeitos protagonistas atravesaba boa parte das valoracións recollidas e conecta directamente coa dimensión feminista do Programa. A posibilidade de decidir sobre os propios tempos, de poñer límites e de revisar expectativas aparece como unha experiencia transformadora, especialmente para mulleres que levan anos sostendo procesos colectivos en contextos de alta presión e risco.

A convivencia e o espazo compartido.

A experiencia de convivencia entre as tres defensoras constitúe outro dos elementos centrais da acollida nesta segunda edición. Vivir xuntas nun mesmo espazo favoreceu a creación de vínculos



de confianza, apoio mutuo e aprendizaxe compartida, ao tempo que puxo de manifesto a necesidade de coidar tamén as condicións materiais e emocionais da convivencia.

As defensoras valoran de maneira maioritariamente positiva esta experiencia, destacando a posibilidade de recoñecerse nas traxectorias doutras mulleres defensoras, aínda desde realidades e loitas diferentes. Como expresa unha das defensoras:

“Encontrarnos nosotras. Vivir y compartir las tres en un piso.

Creo que es una oportunidad como defensoras, y viví esto como una oportunidad.”

Ao mesmo tempo, emerxen cuestións prácticas que apuntan a melloras posibles, como a necesidade de garantir espazos de intimidade suficientes ou de non dar por supostas determinadas condicións de habitabilidade. Estas cuestións, aínda que non centrais, forman parte dunha lectura coidada do Programa e conectan coa importancia de atender aos detalles como parte das dinámicas de Galicia Abriga.

O eixo psicosocial: coidar para seguir.

O acompañamento psicosocial é sinalado de maneira unánime como un dos piares máis valiosos de Galicia Abriga. A posibilidade de acceder a apoio psicolóxico continuado, de traballar emocións acumuladas ao longo de anos de activismo e de revisar mandatos internos vinculados ao sacrificio e á culpa aparece como unha experiencia profundamente reparadora.

Unha das defensoras expresa con claridade esta dimensión ao recoñecer:


“No me había permitido aplicarme a mí misma

las pautas de autocuidado y de seguridad que transmito a mis compañeras.”

Este proceso de recoñecemento e autocoidado non se vive como unha pausa allea ao compromiso político, senón como unha condición necesaria para a súa sostibilidade no tempo. Neste senso, Galicia Abriga é percibido como un espazo que lexitima o dereito a parar, a coidarse e a revisar o propio lugar dentro das organizacións e movementos aos que pertencen.

Ritmos, formación e expectativas.

A valoración dos ritmos do Programa é maioritariamente positiva. Así e todo, recóllense algunhas reflexións cara ao futuro en prol de mellorar vindeiras edicións. As defensoras recoñecen a



importancia do tempo inicial de descanso, pero tamén sinalan que, en retrospectiva, teríalles resultado útil contar cunha planificación máis clara dalgunhas formacións ou espazos de aprendizaxe desde fases máis temperás da estancia.

Estas reflexións non se formulan como críticas, senón como aprendizaxes que permiten afinar o equilibrio entre descanso, formación e incidencia, especialmente nun programa cunha duración limitada no tempo.

O retorno e a relación coas organizacións de orixe.

Un dos elementos máis complexos que emerxen con forza nesta segunda edición é a cuestión do retorno aos contextos de orixe e a relación coas organizacións ás que pertencen as defensoras. A experiencia de Galicia Abriga xera impactos positivos a nivel persoal e político, mais tamén abre tensións vinculadas á percepción externa da estancia, á dificultade de explicar o proceso vivido e ao medo a ser interpretadas como afastadas ou alleas ás realidades que seguen a atravesar as súas comunidades.

Unha das defensoras describe esta tensión do seguinte xeito:

“Mis compañeras en parte se sintieron abandonadas.


No se entiende bien qué estamos haciendo aquí.

Y eso afecta.”

Esta dimensión pon de manifesto a necesidade de seguir traballando estratexias de comunicación e acompañamento coas organizacións de orixe, así como de reforzar a idea de Galicia Abriga como unha ferramenta colectiva e non como unha experiencia individual desvinculada dos procesos que se desenvolven nos territorios.

En síntese, a análise do Resultado 3 permite concluír que a segunda edición de Galicia Abriga ofreceu unha experiencia de acollida profunda, coidada e transformadora para as mulleres defensoras participantes. A incorporación de aprendizaxes da Edición I, especialmente no que respecta aos ritmos, os coidados e a centralidade das defensoras como suxeitos protagonistas contribúe a reforzar o impacto positivo do Programa.

Ao mesmo tempo, a Edición II fai emerxer con maior nitidez cuestións estruturais que serán abordadas nos apartados específicos posteriores: o sentido do retorno, a transferencia da experiencia ás organizacións de orixe e a necesidade de seguir afinando o equilibrio entre



coidados, formación e incidencia. Estes elementos constitúen aprendizaxes clave para a consolidación futura de Galicia Abriga.

5. IMPACTO VIVIDO, APROPIACIÓN DO PROGRAMA E SENTIDO DO RETORNO.

Este apartado incorpórase por primeira vez na avaliación de Galicia Abriga coa finalidade de afondar no impacto vivido polas mulleres defensoras máis aló da estancia en Galicia e de analizar, de maneira específica, o sentido do retorno aos contextos de orixe. A súa inclusión responde á emerxencia clara, na segunda edición do Programa, de reflexións vinculadas á apropiación da experiencia, á transferencia das aprendizaxes e ás tensións —non sempre visibles— que se producen antes, durante e despois da acollida.

Na Edición I, estas cuestións apareceron de maneira incipiente, condicionadas polo carácter pioneiro do Programa e polos tempos limitados para unha análise posterior á estancia. Na Edición II, pola contra, na avaliación recóllense valoracións que permiten identificar procesos de resignificación e aprendizaxe en distintos planos.


Galicia Abriga como punto de inflexión vital e política.

As tres mulleres defensoras coinciden en describir Galicia Abriga como un punto de inflexión nas súas vidas, tanto no plano persoal como no político. A posibilidade de parar, de saír temporalmente de contextos de alta presión e de ser acompañadas desde unha mirada de coidados aparece como unha experiencia excepcional, dificilmente accesible nos seus territorios de orixe.

Este impacto maniféstase, en primeiro termo, no recoñecemento explícito de si mesmas como defensoras de dereitos humanos. Para algunhas das participantes, esta identificación non estaba plenamente asumida antes da súa chegada a Galicia, malia levar anos desenvolvendo traballo político e comunitario. Como expresa unha das defensoras:

“Hasta que no vine no me visualizaba. Incluso cuando llenaba el formulario me recordaban que tenía que ponerme como defensora de derechos humanos.

No me visualizaba.”



Este recoñecemento non se limita a unha etiqueta identitaria, senón que implica unha relectura profunda do propio percorrido vital e militante. Galicia Abriga actúa así como un espello no que as defensoras poden mirarse con distancia, revisar feridas abertas e resignificar o sentido do seu compromiso político.

Apropiación do Programa: ser protagonistas do proceso.

Un dos elementos máis salientados polas defensoras na Edición II é a sensación de apropiación do Programa. A posibilidade de decidir sobre os ritmos, as prioridades e os límites da súa participación contrasta fortemente coas dinámicas habituais de moitos espazos institucionais e de cooperación, nos que as persoas defensoras adoitan ocupar un lugar máis instrumental.

Neste senso, a experiencia de sentirse protagonistas do proceso resulta profundamente transformadora. Tal e como sinala unha das defensoras:

“Desde hace 30 años nunca había tenido esta oportunidad.


Y me he dado cuenta de cuál ha sido mi recorrido.”

A apropiación de Galicia Abriga non implica ausencia de acompañamento, senón todo o contrario: constrúese desde unha relación de confianza coa equipa xestora e coas persoas responsables do acompañamento psicosocial e comunicativo. Esta relación, así o expresaron as tres defensoras, permite que as tres mulleres poidan expresar dúbidas, desacordos e necesidades sen medo a decepcionar ou a incumprir expectativas externas.

O retorno como proceso: tensións, resignificacións e aprendizaxes.

A cuestión do retorno emerxe como unha das dimensións máis complexas da experiencia de Galicia Abriga. Durante a estancia, as defensoras expresan preocupacións relacionadas coa percepción das súas organizacións de orixe, co medo a ser interpretadas como afastadas da realidade territorial ou co risco de que a experiencia sexa vivida como un privilexio individual difícil de explicar.

Estas tensións maniféstanse con especial intensidade durante o proceso, cando aínda non existe distancia temporal suficiente para elaborar un relato compartido da experiencia. Como se recolleu no Resultado 3, algunhas defensoras sinalaron sentimentos de incompreensión ou de culpa vinculados á relación coas súas compañeiras e organizacións.



Porén, a avaliación permite observar que estas tensións non son fixas nin definitivas, senón parte dun proceso dinámico. No caso dunha das defensoras, a entrevista individual realizada con posterioridade á estancia permitiu recoller unha relectura máis sosegada da experiencia, na que sinala que, co paso do tempo, puido explicar mellor o seu papel en Galicia Abriga e que as súas compañeiras comprenderon de maneira máis clara o sentido da súa participación no Programa. Esta evolución evidencia a importancia do tempo e do acompañamento post-acollida para facilitar a resignificación da experiencia e a súa integración nos procesos colectivos das organizacións de orixe. O retorno non pode ser entendido, polo tanto, como un momento puntual, senón como un proceso que require marcos narrativos compartidos, ferramentas de comunicación e espazos de diálogo.


Transferencia e límites da experiencia.

A Edición II pon tamén de manifesto os límites da transferencia inmediata das aprendizaxes adquiridas en Galicia Abriga. As defensoras recoñecen levar consigo criterios, ferramentas e novas miradas —especialmente en relación coa protección internacional, os cuidados e a seguridade—, mais tamén sinalan as dificultades para trasladar estas aprendizaxes a contextos marcados pola urxencia, a precariedade e a violencia estrutural.

Neste senso, Galicia Abriga non pode nin debe asumir a responsabilidade total da transferencia, pero si pode contribuír a facilitar procesos que axuden a traducir a experiencia de acollida en claves útiles para as organizacións e comunidades de orixe. Esta constatación abre unha liña clara de aprendizaxe de cara a futuras edicións, vinculada ao deseño de estratexias de acompañamento pre e post-retorno que vaian máis aló da estancia en Galicia.

O impacto vivido polas mulleres defensoras na segunda edición de Galicia Abriga é profundo, complexo e procesual. A experiencia de acollida actúa como punto de inflexión vital e política, favorecendo a apropiación do Programa e o fortalecemento persoal, ao tempo que fai emerxer tensións inevitables asociadas ao retorno.

A avaliación permite concluír que estas tensións non deben ser interpretadas como fallas do Programa, senón como expresións dun proceso de transformación que require tempo, acompañamento e corresponsabilidade. Nomear e abordar estas dimensións constitúe un paso clave para a consolidación futura de Galicia Abriga como ferramenta colectiva ao servizo das mulleres defensoras e das súas organizacións.



6. COIDADOS, CORRESPONSABILIDADE E LÍMITES DO PROGRAMA: APRENDIZAXES DA II EDICIÓN.

Este apartado incorpórase á avaliación da segunda edición de Galicia Abriga coa vontade explícita de nomear e analizar unha serie de dilemas que emerxen con maior claridade cando un programa de acollida temporal comeza a consolidarse. Trátase de cuestións que atravesan todo o Programa e que xa estaban presentes, de maneira máis implícita, na Edición I, mais que na Edición II poden ser abordadas con maior profundidade grazas á experiencia acumulada, a madurez organizativa e a voz articulada das propias defensoras.

A análise dos cuidados, das corresponsabilidades e dos límites de Galicia Abriga non se formula desde unha lóxica de cuestionamento ao Programa, senón desde a necesidade de reforzalo, facelo máis consciente e garantir a súa sostibilidade no tempo.

Coidar como eixo político do Programa.


Galicia Abriga constrúese desde o inicio cunha aposta clara por poñer os cuidados no centro. Na segunda edición, esta aposta materialízase de maneira máis coherente e explícita, tanto no deseño dos tempos como no acompañamento psicosocial e na relación establecida coas defensoras.

Os cuidados non aparecen como un elemento accesorio nin como un complemento humanitario ao traballo político, senón como unha condición necesaria para que as mulleres defensoras poidan seguir exercendo o seu labor en contextos de alta violencia, criminalización e desgaste emocional. Esta lectura feminista dos cuidados é compartida e apropiada polas defensoras, que recoñecen a dificultade de aplicar para si mesmas as pautas de seguridade e autocoidado que promoven nas súas organizacións.

Neste senso, Galicia Abriga opera tamén como un espazo de lexitimación do dereito a parar, a descansar e a revisar o propio lugar nos procesos colectivos, sen que isto supoña unha renuncia ao compromiso político. Pola contra, o Programa contribúe a resignificar os cuidados como parte integrante da loita pola defensa dos dereitos humanos.

Sanación e fortalecemento de capacidades: un falso dilema.

Un dos debates que emerxe con forza na Edición II é a tensión —real ou percibida— entre Galicia Abriga como espazo de sanación e Galicia Abriga como espazo de fortalecemento de capacidades.



Esta preocupación é explicitada por parte da equipa xestora, que manifesta o interese por evitar que o Programa sexa percibido unicamente como un lugar de descanso ou recuperación emocional.

A análise da información recollida permite concluír que esta tensión responde, en boa medida, a un falso dilema. O acompañamento psicosocial, o descanso e a revisión emocional non son opostos ao fortalecemento de capacidades, senón condicións previas para que este poida producirse de maneira sostible e significativa.

As defensoras sinalan que é precisamente grazas ao tempo de descanso e ao apoio recibido que poden participar con maior claridade e criterio en espazos de formación, incidencia ou reflexión estratéxica. A sanación non aparece, polo tanto, como un fin en si mesmo, senón como un proceso que habilita novas capacidades, tanto no plano persoal como no político.


Como reflexión compartida no marco da avaliación e que se reafirma no momento da socialización da mesma (inmediatamente antes de pechar este informe), detéctase o sentir xeral de que os perfís das defensoras desta II edición de Galicia Abriga sen dúbida favoreceron este reforzo dunha mirada política do coidado, pois tratábase en todos os casos de persoas cun longo percorrido no compromiso colectivo, moi integradas nas súas respectivas comunidades e/ou organizacións de orixe.

Corresponsabilidades compartidas: quen sostén Galicia Abriga?

A Edición II permite tamén avanzar na análise das corresponsabilidades que sosteñen Galicia Abriga. O Programa depende dun equilibrio complexo entre distintas axentes: a equipa xestora, as ONGD postulantes, a Rede de Apoio, as institucións financiadoras e as propias defensoras e as súas organizacións de orixe.

A avaliación identifica unha maior asunción de corresponsabilidade por parte da equipa xestora e dalgunhas entidades da Rede de Apoio, especialmente no plano institucional e simbólico. Porén, tamén se evidencian límites claros á capacidade das ONGD promotoras para asumir, en solitario, todas as dimensións do Programa, especialmente aquelas vinculadas ao acompañamento pre e post-retorno.

Neste punto, emerxe con forza a necesidade de clarificar expectativas e responsabilidades: Galicia Abriga pode ofrecer un espazo de acollida, coidado e fortalecemento, pero non pode substituír nin



resolver as dinámicas complexas das organizacións e territorios de orixe. Nomear estes límites non debilita o Programa, senón que o protexe de expectativas irreais e de posibles frustracións futuras.

Ao mesmo tempo, emerxe como aspecto a abordar a necesidade de definir a relación coas ONGD “postulantes” desde Galicia no marco da execución/estancia das defensoras, como tamén achegarse ás organizacións de orixe de forma máis procesual para conectar o Programa aos espazos organizativos de cada defensora.

Nomear os límites para garantir a sostibilidade.


Un dos principais aprendizaxes da segunda edición de Galicia Abriga é a importancia de nomear explicitamente o que o Programa é e o que non é. Galicia Abriga non é un programa de asilo, nin unha solución estrutural aos riscos que afrontan as mulleres defensoras nos seus países de orixe. Tampouco é un espazo neutro nin alleo ás tensións políticas e emocionais que atravesan as defensoras e as súas organizacións.

Recoñecer estes límites permite situar Galicia Abriga no lugar que lle corresponde: como unha ferramenta temporal, colectiva e situada, que contribúe a reducir riscos, fortalecer capacidades e ampliar redes, mais que require artellarse con outras estratexias de protección, apoio e incidencia a distintos niveis.

A Edición II amosa que cando estes límites son explicitados e compartidos, o Programa gaña en coherencia e en credibilidade, tanto para as defensoras como para as entidades implicadas.

En síntese, a análise dos coidados, das corresponsabilidades e dos límites de Galicia Abriga permite concluír que a segunda edición supón un avance significativo na madurez do Programa. A capacidade de nomear dilemas, cuestionar supostos e introducir matices sen perder o sentido político da intervención é un indicador claro de consolidación.

Este apartado reforza a idea de que Galicia Abriga non se define pola ausencia de tensións, senón pola súa capacidade para abordalas desde unha perspectiva feminista, colectiva e honesta. Estes aprendizaxes constitúen unha base sólida para formular conclusións e recomendacións orientadas á sostibilidade e á evolución futura do Programa.




7. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS.

A avaliación final externa da segunda edición de Galicia Abriga permite afirmar que o Programa se atopa nun momento clave do seu proceso de consolidación. Se a Edición I supuxo un fito fundacional para a Cooperación Galega, validando a viabilidade dun programa de acollida temporal a mulleres defensoras de dereitos humanos promovido por ONGD galegas, a Edición II amosa unha evolución significativa cara a un modelo máis maduro, consciente e politicamente situado.

A lectura comparada entre ambas edicións permite identificar aprendizaxes claramente incorporadas, avances sostidos e novos retos que emerxen precisamente como consecuencia do fortalecemento do Programa. As conclusións que se presentan a continuación non deben ser entendidas como puntos de chegada, senón como fitos nun proceso en construción que require continuidade, coidado e corresponsabilidade.

A avaliación da segunda edición de Galicia Abriga confirma que o Programa non só é viable, senón necesario nun contexto global marcado pola crecente criminalización das mulleres defensoras de dereitos humanos. A súa fortaleza reside precisamente na capacidade de combinar protección temporal, coidados, incidencia política e aprendizaxe colectiva desde unha perspectiva feminista e decolonial.

As conclusións e recomendacións aquí formuladas pretenden contribuír a ese proceso de consolidación, ofrecendo claves para seguir construíndo un Galicia Abriga sostible, coherente e ao servizo das mulleres defensoras e das súas loitas.



Galicia Abriga consolídase como programa de referencia, incorporando aprendizaxes clave da súa primeira edición.

A segunda edición de Galicia Abriga evidencia unha clara incorporación das recomendacións formuladas na avaliación da Edición I, especialmente no que respecta á planificación dos tempos, á clarificación de roles e á centralidade dos cuidados no deseño do Programa. A aposta por un tempo inicial de descanso real, a mellor preparación da estancia e unha maior conciencia dos límites do Programa son indicadores dunha aprendizaxe organizativa efectiva.

Ao mesmo tempo, a Edición II permite avanzar na institucionalización do Programa, gañando visibilidade e recoñecemento público sen perder o liderado das ONGD promotoras nin o enfoque feminista e decolonial que o caracteriza.


Recomendacións:

- ✓ Continuar sistematizando aprendizaxes edición tras edición, garantindo a súa transferencia efectiva ao deseño de futuras edicións de Galicia Abriga.
- ✓ Manter o equilibrio entre recoñecemento institucional e busca dunha axenda axustada aos intereses das defensoras arredor dos tres eixos do Programa.
- ✓ Consolidar espazos estables de reflexión interna da equipa xestora que permitan anticipar dilemas e reforzar a coordinación operativa.

O impacto nas mulleres defensoras é profundo, transformador e procesual.

A experiencia de Galicia Abriga na súa segunda edición supón un punto de inflexión vital e político para as mulleres defensoras participantes. O Programa contribúe de maneira significativa ao fortalecemento persoal, ao recoñecemento como defensoras de dereitos humanos e á resignificación do autocoidado como práctica política.

A avaliación mostra, ademais, que os impactos non se producen de maneira lineal nin inmediata. As tensións asociadas ao retorno, á relación coas organizacións de orixe ou á transferencia das aprendizaxes forman parte dun proceso máis amplo que require tempo e acompañamento para a súa elaboración.



Recomendacións:

- ✓ Reforzar estratexias de acompañamento pre e post-retorno, incorporando ferramentas narrativas e comunicativas que faciliten a explicación colectiva da experiencia.
- ✓ Asumir a natureza procesual e non inmediata das transformacións xeradas.
- ✓ Explorar posibilidades de seguimento a medio prazo que permitan avaliar a evolución das defensoras e das súas organizacións tras a participación en Galicia Abriga.


A estratexia de incidencia e comunicación gaña en coidado e coherencia, mais require afinar o seu impacto a medio prazo a través do fortalecemento dos “apoios en rede”.

A Edición II amosa unha evolución positiva na estratexia de incidencia e comunicación do Programa, caracterizada por un acompañamento máis consciente das defensoras e unha maior integración co enfoque de seguridade e coidados. A visibilización acadada contribúe ao recoñecemento público de Galicia Abriga e á súa lexitimación no ecosistema da Cooperación Galega.

Porén, emerxe como reto a necesidade de afondar no impacto real destes espazos máis aló da visibilidade puntual, especialmente en termos de fortalecemento de redes, compromisos institucionais sostidos e apoio efectivo ás organizacións de orixe.

Recomendacións:

- ✓ Continuar definindo con claridade os obxectivos da incidencia política, diferenciando entre visibilización, sensibilización e xeración de compromisos.
- ✓ Continuar co acompañamento personalizado ás defensoras, respectando os seus límites e decisións en relación coa exposición pública.
- ✓ Avaliar a posibilidade de incorporar indicadores cualitativos que permitan medir impactos máis aló da presenza en actos públicos.




A corresponsabilidade e a apertura do Programa constitúen un reto estratéxico para a súa sostibilidade.

A segunda edición de Galicia Abriga pon de manifesto a necesidade de ampliar e diversificar o ecosistema de entidades implicadas no Programa, especialmente no que respecta ás ONGD postulantes e a asunción de corresponsabilidades máis aló da equipa xestora. A dependencia dun núcleo reducido de organizacións, aínda que comprensible nunha fase inicial, supón un límite para a sostibilidade a medio prazo.


Ao mesmo tempo, na avaliación emerxe como elemento a destacar o esforzo e compromiso das ONGD promotoras, que asumiron un rol fundamental para facer viable o Programa e garantir a súa continuidade.

Recomendacións:

- ✓ Desenvolver estratexias proactivas para ampliar a base de ONGD postulantes, valorando acompañar ás ONGD galegas na identificación de candidaturas.
- ✓ Clarificar expectativas e responsabilidades entre as distintas axentes implicadas, nomeando explicitamente os límites do Programa e definindo de forma aterrada unhas liñas claras arredor do papel das ONGD postulantes (xerais e/ou adaptadas a cada edición).
- ✓ Explorar a relación coas organizacións locais como parte do potencial de fortalecemento do impacto.
- ✓ Fortalecer a Rede de Apoio como espazo propio de corresponsabilidade, diferenciándoo claramente doutros ámbitos de visibilización institucional. Explorar o posible reforzo da súa implicación arredor de cuestións conectadas á formación (eixo con maior potencial de mellora recoñecido).




ANEXOS




Anexo 1. Guión encontro grupal coas defensoras.

- Momentos clave.
- En que contextos participastes/con que organizacións? Algunha vos impactou máis? Por que?
- Que destacades (se procede preguntar, en función da liña do tempo) dos distintos elementos de Galicia Abriga:
 - Aparicións públicas
 - Contacto cos medios de comunicación.
 - Asesoría personalizada por parte de AGARESO.
 - Outras formacións.
 - Eixo psicosocial.
 - Outras accións.
- Como valorades a axenda que tivestes? E os ritmos?
- Os ritmos acomodáronse ao que precisabades? E as propostas que foron xurdindo? Foron axustadas ou teríades feito algo de forma diferente? Botastes en falta ter participado noutros contextos/con outras organizacións?
- Como estades a trasladar a experiencia desde aquí ao voso contexto de orixe e organizacións? Como pensades facelo?
- Enfoque decolonial de Galicia Abriga. Valoracións en relación a vós como axentes de cambio do Sur Global nunha estancia no Norte Global:
 - Como vos sentistes? “Abrigadas”?
 - Que causas de violencias compartidas identificastes? (entre vós, e con outras mulleres/organizacións)?
- A proposta de vivir xuntas esta experiencia, que vos pareceu? En que vos condicionou?
- Recolledes/fortalecedes alianzas con algunha organización en concreto? (propostas de futuro, conexión para tecer novos retos en común, aprendizaxes da man de organizacións/persoas)
- Atopastes desafíos novos? E barreiras para construír mirada común pero diversa como defensoras?
- Que soños/solucións de transformación social xorden a partir da experiencia de Galicia Abriga?
- Como vos sentides agora que ides regresar aos vosos países? Como vos vedes volvendo? Tedes algunha inquedanza?
- Destacadades algún eixo en concreto dos marcados “en teoría” desde Galicia Abriga?
- Que é para vós Galicia Abriga? Como percibides que é sentida? Por que?
- Algunha outra cuestión que consideres importante no marco desta entrevista?




ANEXO 2. Guión das entrevistas individualizadas coas mulleres defensoras.

- Cales eran as túas expectativas?
- Balance:
 - Como estás agora?
 - Como se encadra Galicia Abriga en tu vida AGORA? (profesionalmente, persoalmente)
 - Podes aplicar/revisar/incorporar novas miradas, metodoloxías, debates... agora que estás de volta? En que forma?
 - E ás vosas organizacións: suxeristes algunha formación, cuestión nova a abordar, miradas a incorporar...?
 - Que vínculos se manteñen?
 - Algunha alianza nueva?
- Como lembrás o peche?
- Destacarías algún encontro significativo?
- Volvendo a vista atrás, pensa agora: terías feito/proposto algo que non fixeches cando estiveches en Galicia (ou ao revés: deixarías de ter feito algunha cousa/proporías eliminar algún aspecto)?
- Dos eixos do Programa (saúde, formación e incidencia), cal foi o máis importante para ti?
- A nivel persoal, falando de morriña... acomodouse este proceso coas vosas familias (biolóxica e escollida)? E cos vosos ritmos vitais?
 - Valoración no eido da convivencia coas compañeiras: asembleas, recordo e vínculo coas compañeiras, lugar da vivenda...
 - En resumo... que é necesario de verdade e que non?
- Agora que pasaron algunhas semanas...
 - Tedes as mesmas percepcións ou cambiaron en algo?
 - Sentiches que as expectativas que tiñas se cumpriron? (mellora benestar, mellora capacidades?) E que foi como imaxinabas (o voso rol, os resultados, o proceso...)?




- Pensando no futuro...
 - Que pediríades ás organizacións galegas?
 - E ás do teu país?
- Despedida: sentícheste ben? E agora?
- Cal é a túa situación agora? Como ves o futuro?
- Queres trasladar algunha cousa máis?



ANEXO 3. Guión de entrevistas individuais coas ONGD da equipa xestora.

SIG.

- Cales eran as vosas expectativas este ano?
- Como foi o proceso de selección?
- Como estades a percibir as accións desenvolvidas na pata de representación institucional?
 - De que está nutrindo Red Pro-Tejer a Galicia Abriga nesta edición, ou neste proceso onde xa hai un histórico de 2 edicións?
 - Financiamento: logros-retos.
- Que fixestes para estar máis conectadas como equipa xestora?
- Como se están equilibrando este ano os piares coidados-fortalecemento de redes e capacidades – sensi e denuncia – seguimento e vixilancia? Diagnóstico e aprendizaxes.
- Perspectiva N-S e mirada decolonial: como abordamos o acompañamento desde as nosas organizacións? Desde a experiencia da primeira edición, que mudanzas e aprendizaxes sentides que se están a recoller este ano? E como estamos sabendo que é necesario de verdade e que non?
- Papel ONGD postulantes:
 - Arquitectura sen Fronteiras e AGARESO.
- En orixe: como se está tecendo (desde o inicio, ata agora) a relación coas socias locais? Que conexión houbo/hai/se prevé coas socias locais involucradas?
- Relación con axentes externas ás “4 ONGD” galegas conectadas directamente coas defensoras este ano.
 - Rede de apoio: diagnóstico e propostas.
 - ONGD galegas.
 - USC/universidades galegas.
 - Concellos (están dentro ou fóra da Rede este ano?): como abordar o futuro.
 - Outras organizacións/movimentos sociais.




- Analizadas as relacións...
 - Que alianzas se fortalecieron?
 - Que retos temos ao respecto?
- Como sentides a “marca” Galicia Abriga? Como percibides que é sentida? Por que?
- Logros:
 - Que fitos identificades este ano? (antes e durante)
 - Algún impacto non previsto?
- Houbo algún obstáculo específico este ano que se poida mencionar?
- Sentistes que as expectativas que tiñades se están cumprindo? En que mudaron as cousas desde o ano previo?
- Que vínculos percibides que se están xerando no marco desta edición de Galicia Abriga? Que se fortalece? (dentro da equipa, coas defensoras, entre as defensoras, das defensoras con institucións/organizacións...)
- Como falastes de abordar a estratexia de regreso? (incluíndo o peche como programa, máis aló da bolsa psicolóxica post saída).
- Como vos sentides? (coas defensoras, coa túa organización, co resto de equipa xestora, con outras organizacións, coas institucións...)
- Algunha cuestión máis?


AGARESO (2 entrevistas)

Preguntas para Sonia Díaz:

- Cales eran as vosas expectativas este ano?
- Como foi o proceso de selección? Por que propuxestes a estas defensoras?
- E o voso rol como ONGD postulante?
- Perspectiva N-S e mirada decolonial: como abordamos o acompañamento desde as nosas organizacións? Desde a experiencia da primeira edición, que mudanzas e aprendizaxes sentides que se están a recoller este ano? E como estamos sabendo que é necesario de verdade e que non?
- Que fixestes para estar máis conectadas como equipa xestora?
-




- Análise e valoración dos tres aspectos clave ao redor do voso acompañamento ás defensoras:
 - Aparicións públicas
 - Contacto cos medios de comunicación
 - Asesoría personalizada por parte de AGARESO
- Equilibrio exposición pública e benestar... Como sentides que se está a traballar nesta edición? (coordinación eixo psicosocial e incidencia)?
- Como sentides que se coordinou a axenda este ano?
- Sentides que as defensoras mantiveron o detectado inicialmente cara ao deseño do acompañamento? Por que? Como se abordaron os riscos e como cambiaron – no seu caso - as estratexias e fórmulas coas defensoras?
- Sentides impacto neste sentido sobre elas?
- O voso rol é útil para elas? Por que?
- Sentídesvos cómodas? Por que? Faltou/sobrou algo?
- En definitiva, sentides que se están equilibrando este ano os 4 piares coidados- fortalecemento de redes e capacidades – sensi e denuncia – seguimento e vixilancia? Diagnóstico e aprendizaxes.
- Relación con axentes externas ás “4 ONGD” galegas conectadas directamente coas defensoras este ano: rede de apoio (ONGD e universidades), outras organizacións/movementsos sociais, institucións públicas...
- Analizadas as relacións...
 - Que alianzas se fortaleceron?
 - Que retos temos ao respecto?
 - E a relación coas socias locais? É dicir, que conexión houbo/hai/se prevé coas socias locais involucradas?
- Como sentides a “marca” Galicia Abriga? Como percibides que é sentida? Por que?
- Logros:
 - Que fitos identificades este ano? (antes e durante)
 - Algún impacto non previsto?
- Houbo algún obstáculo específico este ano que se poida mencionar?



- Sentistes que as expectativas que tiñades se están cumprindo? En que mudaron as cousas desde o ano previo?
- Que vínculos percibides que se están xerando no marco desta edición de Galicia Abriga? Que se fortalece? (dentro da equipa, coas defensoras, entre as defensoras, das defensoras con institucións/organizacións...)
- Como falastes de abordar a estratexia de regreso? (incluíndo o peche como programa, máis aló da bolsa psicolóxica post saída).
- Como vos sentides? (coas defensoras, coa túa organización, co resto de equipa xestora, con outras organizacións, coas institucións...)
- Recóllense aprendizaxes?
- Que vos gustaría desta avaliación? Que vos gustaría que lles pregunte na avaliación ás defensoras?
- Algunha cuestión máis?


Preguntas para Lorena Seijo.

- Roles AGARESO (dobre mirada). Por que propuxestes a estas defensoras?
 - Liña do tempo: principais momentos.
 - Sentistes que as expectativas que tiñades se cumpriron? E que foi como imaxinabades (o voso rol, os resultados, o proceso...)?
 - Alianzas pre-durante-post. Mudaron? Fortalecéronse? E coas socias locais, como se percibe e desenvolve/u o proceso?
 - Mirada N-S. Que é necesario de verdade e que non?
 - Que mirada pon AGARESO cara ao “depois de” coas socias locais?
 - Despois desta segunda edición, que aprendizaxes recolledes?
- Diagnose e propostas de futuro (que cambiar/que manter):
 - Nos 3 momentos:
 - Antes
 - Durante
 - Despois
- Algunha cuestión máis?



Ecos do Sur

- Cales eran as vosas expectativas este ano?
- Como foi o proceso de selección e o arrinque?
- Como traballastes nos 3 momentos clave (foron organizados só desde a vosa área?):
 - Chegada: expectativas das defensoras, estado de ánimo e saúde mental, contextualización inicial...
 - Seguimento: axuste de expectativas, revisión de perfís públicos, sentimentos e emocións.
 - Peche: propostas, preocupacións, recollida de aprendizaxes, aspectos pendentes...
- As formacións, como se están a abordar este ano?
- Como se preparou a axenda? Mudou algo a dinámica desde o ano pasado?
- Perfís públicos: como se traballou o equilibrio entre protección, descanso e visibilidade?
- Sentides que as defensoras mantiveron o detectado inicialmente cara ao deseño do acompañamento? Por que? Como se abordaron os riscos e como cambiaron – no seu caso - as estratexias e fórmulas coas defensoras?
- Equilibrio exposición pública e benestar... Como sentides que se está a traballar nesta edición? (coordinación eixo psicosocial e incidencia)?
- Perspectiva N-S e mirada decolonial: en definitiva, como abordamos o acompañamento desde as nosas organizacións? Desde a experiencia da primeira edición, que mudanzas e aprendizaxes sentides que se están a recoller este ano? E como estamos sabendo que é necesario de verdade e que non?
- Sentides impacto neste sentido sobre elas?
- O voso rol é útil para elas? Por que?
- Sentídesvos cómodas? Por que? Faltou/sobrou algo?
- En definitiva, sentides que se están equilibrando este ano os 4 piares coidados- fortalecemento de redes e capacidades – sensi e denuncia – seguimento e vixilancia? Diagnóstico e aprendizaxes.
- Que fixestes para estar máis conectadas como equipa xestora?



- Relación con axentes externas ás “4 ONGD” galegas conectadas directamente coas defensoras este ano: rede de apoio (ONGD e universidades), outras organizacións/movementos sociais, institucións públicas...
- Papel AsF e AGARESO (como ONGD postulantes)
- Analizadas as relacións...
 - Que alianzas se fortaleceron?
 - Que retos temos ao respecto?
 - E a relación coas socias locais? É dicir, que conexión houbo/hai/se prevé coas socias locais involucradas?
- Como sentides a “marca” Galicia Abriga? Como percibides que é sentida? Por que?
- Logros:
 - Que fitos identificades este ano? (antes e durante)
 - Algún impacto non previsto?
- Houbo algún obstáculo específico este ano que se poida mencionar?
- Sentistes que as expectativas que tiñades se están cumprindo? En que mudaron as cousas desde o ano previo?
- Que vínculos percibides que se están xerando no marco desta edición de Galicia Abriga? Que se fortalece? (dentro da equipa, coas defensoras, entre as defensoras, das defensoras con institucións/organizacións...)
- Como falastes de abordar a estratexia de regreso? (incluíndo o peche como programa, máis aló da bolsa psicolóxica post saída).
- Como vos sentides? (coas defensoras, coa túa organización, co resto de equipa xestora, con outras organizacións, coas institucións...)
- Recóllense aprendizaxes?
- Que vos gustaría desta avaliación? Que vos gustaría que lles pregunte na avaliación ás defensoras?
- Algunha cuestión máis?

a o p a s o

a o p a s o é ...
f o r m a c i ó n e
a c o m p a ñ a m e n t o
c o n m i r a d a
l o c a l - g l o b a l

a o p a s o